

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO  
CORRESPONDENTE O DIA 16 DE FEBREIRO DE 1995.-

Na Casa do 1º Concello de Ribadavia o día dezaseis de Febreiro de mil novecentos noventa e cinco; ás sete e media do serán xuntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro e Don Xosé Prieto Pérez.- Non asiste Don Xosé Antonio Rodríguez Vázquez.

Está presente o Secretario-Interventor accidental do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTAS ANTERIORES.-

Os membros da Comisión Municipal de Goberno presentes aproban, por unanimidade, os borradores das Actas das dúas últimas sesións que foron as celebradas os días 9 e 14 de Febreiro pasado.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIADANS.-

Visto o escrito presentado por Don Benito González Diéguez e Dona Luz Moreiras Pazos, veciños da Quinza no que solicitan licencia de primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar composta de planta de soto para garaxe, baixa para almacén e piso para vivenda, sita na N-120, no p.k. 595,6 na marxe dereita da localidade da Quinza; unha vez acreditada debidamente a certificación de fin de obra e visto o informe favorable emitido polos servizos técnicos deste Concello, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acceder ó interesado.

#### 4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno coñece os seguintes:

Da Cruz Vermella do Ribeiro, sobre mantemento dos postos de primeiros auxilios, ó que esta Comisión de Goberno acorda cumprimenta-lo escrito que se achega á petición.

Resultados das análises mínimas da auga potable de consumo público do abastecemento do lugar de San Paio, emitidos pola farmaceutica titular.

Partes semanais de cloración do abastecemento de consumo público do abastecemento de San Paio e de Ribadavia, emitidos pola farmaceutica titular.

#### 5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

Celebrada a licitación o día catorce de Febreiro de mil novecentos noventa e cinco e adxudicado provisionalmente o remate a Don Pablo Prada Valencia, Consexeiro-Delegado de Excavaciones, Transportes y Construcciones S.A., por se-la proposición máis avantaxosa, conforme á acta erguida ó efecto en relación ás obras da Captación e Abastecemento de Auga a Ribadavia, 1ª fase.- Non habéndose formulado reclamacións pola presente a Comisión Municipal de Goberno, resolve: 1º.- Declarar válida a licitación e adxudicar definitivamente o contrato da obra de Captación e Abastecemento de Auga a Ribadavia, 1ª fase, a Don Pablo Prada Valencia, Consexeiro-Delegado de Excavacións, Transportes e Construccións S.A., polo prezo de 18.980.810 pesetas cunha baixa do 0.101.- 2º.- Dispoñe-lo gasto con cargo ás partidas seguintes: Feder (Administración Central MAP e Admón. Local), 13.761.088 pesetas; Admón. Nacional (Central MAP), 939.550 pesetas; Concello 4.280.173 pesetas.- Total: 18.980.810 pesetas.- 3º.- Que se notifique ó contratista dentro do prazo dos dez días seguintes ó da data no que se reciba a notificación, presente o documento que acredite ter constituída garantía definitiva e se lle cite para que o día 6 de Marzo, ás doce horas concurra a formaliza-lo contrato en documento administrativo.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta a súa aprobación á liquidación do prezo público pola ocupación da vía pública con mesas e cadeiras no período comprendido dende Maio ata Setembro do corrente ano, ámbolos dous inclusives, ós

seguintes señores: Dona Asunción Pereira Deaño, por importe de 20.300 pesetas; Don Jesús J. María Calvo Lois, por importe de 14.800 pesetas; Dona Julia González González, por importe de 39.900 pesetas; Don Luís Cortizo Carballo, por importe de 26.100 pesetas; Don Fidel Rodríguez Alvarez, por importe de 31.400 pesetas; Cafetería Club Artístico, por importe de 54.800 pesetas; Don Ramón González Graña, por importe de 27.100 pesetas; Dona Digna Alonso Meiriño, por importe de 23.300 pesetas; Dona María Pilar Feijóo Bernárdez, por importe de 44.200 pesetas; Don Francisco Alonso Fernández, por importe de 23.900 pesetas; Don Evencio Estévez González, por importe 100 pesetas; Don Augusto Lorenzo Márquez, por importe de 12.400 pesetas; Don Rafael Domínguez Martínez, por importe de 15.200 pesetas; Don Felipe Gálvez González, por importe de 19.500 pesetas; Dona Josefa Fernández Ferreiro, por importe de 24.200 pesetas; Don David Vales González, por importe de 25.100 pesetas; Bar Veronza, por importe 26.300 pesetas; Valgoal S.L., por importe de 24.200 pesetas; Don Floreano Sampedro Cid, por importe de 6.200 pesetas; Don Ramón Soto Comesaña, por importe de 12.500 pesetas; Don Manuel Sotelo Barroso, por importe de 6.300 pesetas; Dona María Angeles Díaz Espiñeira, por importe de 10.300 pesetas; Don Paulino E. Soto Escudero, por importe de 53.500 pesetas.

Vistas as ofertas presentadas polas casas de automóbiles Fiat, Renault, Citroen e Opel, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda a adquisición dun vehículo da marca Opel, modelo Opel Corsa Combo 1.7 D 3P, que se adicará ós servicios deste Concello.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura nº 94-04 de data 22 de Setembro de 1994, presentada pola empresa Inserobra, S.L. de Crecente (Pontevedra), polos traballos e tamén materiais empregados na obra denominada "Acondicionamento de camiño en Francelos", polo prezo 848.223 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda pór á disposición da brigada de obras da Excm. Deputación Provincial materiais necesarios por importe de 1.368.900 pesetas, para poder inicia-las obras "Camiño a Formigueira", en Francelos.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.

Non houbo.

E sendo as oito e media do serán, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.